

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 19 DE MARZO DE 2015.

Presidente:

D. XOSÉ CRESPO IGLESIAS.

Concelleiros:

D. CAMILO GONZÁLEZ BODAÑO.
D^a. MARÍA JOSÉ BATÁN MOURIÑO.
D. JOSÉ ANTONIO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.
D. JOSÉ ANTONIO VARELA QUINTELA.
D. MANUEL FERNÁNDEZ LÓPEZ.
D^a. MARÍA PILAR LÓPEZ CARRÓN.
D. MANUEL GÓMEZ ESTEVEZ.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.


Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- LICENZAS DE OBRA.

1.1.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA**, para o acondicionamento dun local para sala de festas, sito na rúa Monte do Faro, 64, Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 17/03/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de **373,77 euros**.

1.2.- Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA**, para cambio do sistema de depuración das augas negras, na parcela con referencia catastral **36024A165005200000BM**, sita na estrada N-525, km. 292,200 – Bendoiro – Lalín, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 13/03/15 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de **222,23 euros**.



2.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

2.1.- Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente facturas por un importe total de **22.235,64 euros**.

3.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

3.1.- Acordouse adxudicar o contrato de servizos denominado **“CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEFONÍA E INTERNET, VOZ SOBRE IP E INTECONEXIÓN DO PAZO DE LIÑARES E DO SERVIZO DE VÍAS E OBRAS AO CONCELLO DE LALÍN COMPLEMENTARIO AO “SERVIZO DE TELEFONÍA E INTERNET, A IMPLANTACIÓN DE VOZ SOBRE IP E A INTERCONEXIÓN DOS SEUS CENTROS DEPENDENTES, LOTE 1: IMPLANTACIÓN DE VOIP, INTERCONEXIÓN DE CENTROS DEPENDENTES E SERVIZOS DE TELEFONÍA FIXA E INTERNET”**, MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E SEN CONCORRENCIA DE OFERTAS, á empresa **R Cable y Telecomunicaciones Galicia, S.A.** polos seguintes importes: **Liñas do Pazo de Liñares:** prezo sen IVE: **87,01 euros** mensuais, IVE: **18,27 euros** mensuais, prezo total: **105,28 euros** mensuais; **Liñas do Servizo de Vías e Obras:** prezo sen IVE: **45,01 euros** mensuais, IVE: **9,45 euros** mensuais, prezo total: **54,46 euros** mensuais.

3.2.- Acordouse conceder unha prórroga á empresa **CONSTRUCCIONES FERNÁNDEZ SARMIENTO, S.A.** de unha (1) semana (ata o día 26 de marzo de 2015) no prazo de execución da obra denominada **“ABASTECIMIENTO A PUXALLOS E MELLORA DA REDE VIARIA EN MADRIÑÁN, SANTISO”**.

4.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.

4.1.- Acordouse aprobar a **certificación de obra núm. 1** da obra **“ABASTECIMIENTO A PUXALLOS E MELLORA DA REDE VIARIA EN MADRIÑÁN E SANTISO”** redactada polo Director de Obra, D. José Varela Calvo, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **81.618,43 €**.

5.- FACTURAS E CONTAS.

5.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por importe total de **36.009,39 €**

6.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.



6.1.- Acordouse reintegrar a **D. José Crespo Iglesias**, Alcalde do Concello de Lalín, os gastos efectivamente realizados como consecuencia do desenvolvemento das funcións representativas propias do seu cargo, por un importe total de **541,39 €**, de acordo cos xustificantes achegados.

6.2.- Acordouse a alta dun usuario no programa Xantar na casa, e baixa por pasamento doutro usuario nese mesmo programa.

6.3.- Acordouse a alta urxente no Servizo de Axuda no Fogar modalidade libre concorrencia motivada polo agravamento de saúde da persoa solicitante.

6.4.- Acordouse aprobar a concesión de dúas axudas de inclusión social para sufragar gastos derivados do uso de vivenda a dúas persoas polos importes de **68,56 euros**, e **110,00 euros**.

6.5.- Acordouse aprobar a concesión de dúas axudas de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade polos importes de **73,77 euros** e **77,17 euros**.

6.6.- Acordouse declarar que se cumpriu a finalidade da subvención concedida ao Concello de Lalín ao abeiro do Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e se desenvolveron as actividades relacionadas coa mesma. Así mesmo acordouse aprobar a conta xustificativa de dita subvención e demais documentación xustificativa.


6.7.- Acordouse desestimar a reclamación formulada por interesado relativa á solicitude de devolución de **133,59 €** en concepto de exceso na liquidación provisional do Imposto sobre Construcións, Instalacións de Obras pola ampliación de estación de servizo consistente na instalación de unidade autónoma de GLP mediante depósito de 4880 litros aéreo, en virtude dos fundamentos expostos no informe técnico de data 16 de decembro de 2014.

7.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

7.1.- Acordouse autorizar o acceso ao expediente dunha edificación **sita no núm. 24 da rúa da Ponte de Lalín**, a efectos de realizar un informe sobre o estado da situación administrativa da mesma.

7.2.- Acordouse autorizar a realización de actividades lúdicas na Praza da Igrexa de





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

Lalín, para o día 11 de abril de 2015, en horario de 16:00 a 23:00 horas, con motivo do primeiro aniversario dun local hosteleiro.

7.3.- Acordouse aceptar a subvención concedida ao Concello de Lalín polo importe de **117.590,94 euros** para o desenvolvemento do proxecto denominado “**Melloras senda peonil río Pontiñas**” ao abeiro da “*Orde do 24 de novembro de 2014, pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 230 de 1 de decembro). Liña en concorrencia non competitiva*”.

=====

